



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
POLITÉCNICO DE SANTIAGO



Centros  
Integrados  
Formación Profesional

Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de C I F P

## Plan de Convivencia

# C I F P Politécnico de Santiago

Curso: 2025-2026

C I F P Politécnico de Santiago

Avda. de Rosalía de Castro, 133, 15706 Santiago de Compostela  
Teléfono: 881 867 601. Email: [cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal](mailto:cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal)  
<https://politecnicosantiago.es>



Unión Europea  
Fondo Social Europeo  
O FSE inviste no teu futuro

## Contenido

1	Marco normativo.....	4
2	Ámbito de aplicación.....	5
3	Axentes responsables.....	5
3.1	Consello social.....	5
3.2	Claustro.....	5
3.3	Comisión de convivencia.....	5
3.3.1	Composición.....	6
3.4	Equipo directivo.....	7
3.5	Coordinación de bienestar e convivencia (CBC).....	7
3.6	Órganos de coordinación docente.....	9
3.7	Coordinación do centro con familias e institucións.....	9
4	Análise da situación.....	9
4.1	Ferramentas utilizadas no diagnóstico do clima de convivencia.....	9
4.2	Análise da situación.....	9
4.3	Aspectos organizativos e curriculares.....	10
4.4	Participación e relacións da comunidade educativa.....	10
4.4.1	Alumnado.....	10
4.4.2	Profesorado.....	10
4.4.3	Pais e nais dos menores de idade.....	11
4.4.4	Persoal auxiliar de servizos (PAS).....	11
4.4.5	Conflitividade.....	11
4.4.6	Efectividade das actuacións desenvoltas.....	13
5	Obxectivos xerais i específicos e actuacións programadas para o seu desenvolvemento.....	15
5.1	Fins e Principios e Obxetivos Xerais.....	15
5.2	Obxectivos específicos.....	15
5.3	Actuacións, medidas ou programas.....	16
5.3.1	Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.....	16
5.3.2	Actuacións para garantir a participación.....	17
5.3.3	Actuacións formativas en convivencia.....	17
5.3.4	Actuacións de divulgación.....	17



5.3.5	Elaboración de materiais de traballo e protocolos de actuación .....	18
5.4	Medidas ou programas .....	18
6	Protocolo ante o acoso e ciberacoso escolar .....	19
7	Normas de convivencia .....	19
8	Difusión do plan.....	19
9	Seguimento, avaliación e propostas de mellora .....	19
9.1	Seguimento e avaliación .....	19
9.2	Propostas de mellora .....	20



# 1 Marco normativo

Marco normativo de referencia en relación co plan de convivencia:

- Lei 4/2011, do 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOGA 15/06/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 (DOG 27/01/15).

Pero:

- A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC).
- Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.
- O artigo 10.1, da Lei 4/2011, así como o artigo 11.3, do Decreto 8/2015, establecen que:  
*“O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo consello escolar do centro.”*
- O artigo 6, do Decreto 8/2015, establece que en cada centro educativo crearase unha comisión de convivencia, no seo do consello escolar.
- Tanto a Lei 4/2011, como o Decreto 8/2015, a pesares de ser posteriores á normativa dos centros integrados de formación profesional (en adiante CIFP), fan referencia, unicamente, ao consello escolar e ao proxecto educativo de centro, sen mencionar nin ao consello social nin ao proxecto funcional, ambos con; composición, competencias e estrutura diferentes.
- A orde do 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia

Tendo en conta o anteriormente exposto, e atendendo ao que establecen:

- Os artigos 10.1 e 11.3, da Lei 4/2011, e do Decreto 8/2015, respectivamente.
- O Decreto 77/2011, no seu artigo 43.3.m)

*“43.3, O proxecto funcional incluírá os seguintes aspectos”*

*“43.3m), Calquera outro proxecto ou plan que o centro integrado pretenda desenvolver”*

Esta dirección, xunto co resto do equipo directivo, procede á elaboración deste plan de convivencia, Plan que someterá á supervisión da inspección educativa, tal como establece o artigo 43.4. do Decreto 77/2011, e que posteriormente incorporará ao proxecto funcional do centro.

## 2 **Ámbito de aplicación**

---

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa. As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

## 3 **Axentes responsables**

---

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

### 3.1 **Consello social**

Funcións:

- Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- Aprobar o proxecto funcional, e como consecuencia o plan de convivencia e as súas modificacións, xa que o plan de convivencia forma parte do proxecto funcional.
- Realizar anualmente o seguimento e revisión do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro, tendo presentes as propostas co claustro de profesorado, cumprindo co que establece o artigo 43.2. do Decreto 77/2011, para o proxecto funcional.

### 3.2 **Claustro**

Funcións:

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propoñer actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

### 3.3 **Comisión de convivencia**

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e entre as súas funcións está velar pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

### 3.3.1 Composición

A composición da comisión de convivencia ven regulada no artigo 6.2 do Decreto 8/2015 de Convivencia.

A composición da comisión de convivencia para o curso 2022/2023 é a seguinte:

- Presidente: Director do centro.
    - Nicolás Espasandín Gerpe.
  - Secretaria: Coordinadora de benestar e convivencia do centro.
    - Isabel Costoya Vázquez.
  - Presidente: Director do centro.
    - Nicolás Espasandín Gerpe.
  - 1 representante do equipo directivo: Xefe de estudos.
    - Miguel Ángel Teira Patiño.
  - 2 representantes do profesorado.
    - María Elena Ferreira Lence
    - Florentina Rivadulla Taboada. (Orientadora)
  - 1 representante do alumnado.
    - Alicja-Dominika Rosalowska Andrearczyk
  - 1 representante do PAS
    - Leandro Fernández Román.
- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### **Normas para o funcionamento da comisión de convivencia: constitución, calendario de reunións**

Terá, como mínimo, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Levantará acta das súas reunións.

#### **3.4 Equipo directivo**

Funcións (artigo 8 do Decreto 8/2015):

- Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, e así coma as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres esta non estea constituída.
- Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Correspóndelle a imposición das medidas correctoras así como velar polo cumprimento das mesmas por parte do alumnado.

#### **3.5 Coordinación de benestar e convivencia (CBC)**

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección do centro docente.

Conta coas seguintes funcións:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o que velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas

habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos

como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, a realizar no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

- Coordinar, de acordo con os protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicarllo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

O plan de traballo da coordinación de benestar e convivencia está recollido no Anexo III

### 3.6 Órganos de coordinación docente

Serán responsables de incorporar, no seu ámbito competencial, as medidas e os acordos adoptados no Plan e nas normas de convivencia.

A súa función principal será a de detectar e comunicar á Comisión de Convivencia e ao Equipo Directivo a información que poda obter no exercicio das súas funcións e que estea relacionada coa convivencia e que observe relevante, así como facer propostas neste asunto

### 3.7 Coordinación do centro con familias e institucións

O Plan terá a suficiente difusión como para garantir que as familias dos menores o coñezan. Estará publicado na páxina web do CIEFP.

## 4 Análise da situación

### 4.1 Ferramentas utilizadas no diagnóstico do clima de convivencia

A diagnose do centro fíxose baseándose na observación directa do comportamento e clima da comunidade educativa, así coma na indirecta, a través do análise dos partes de incidencias, dos expedientes disciplinarios e das sancións impostas o curso pasado.

### 4.2 Análise da situación

Na actualidade, baseándonos nos datos: partes de incidencias, expedientes disciplinarios e sancións impostas o curso pasado; non se detecta unha conflictividade preocupante.

Cabe sinalar que si é necesario facer un especial seguimento no alumnado do CFG Básico debido ás particularidades de historia escolar, persoais e familiares do alumnado. Habitualmente o número de incidencias contrarias á convivencia adoita ser maior.

### 4.3 Aspectos organizativos e curriculares

Aqueles aspectos organizativos específicos do centro, recóllense nas NOF (Normas de Organización de Funcionamento), documento, que ao igual que todos os que son de interese xeral, se colgan na web do centro, ademais de ser tratados nas sesións de acollida que se levan a cabo no centro ao inicio de cada curso.

A comisión de convivencia constituirase unha vez que este documento sexa supervisado polo inspección do centro, e reunirse con carácter xeral tres veces durante o curso, e con carácter extraordinario as veces que sexa preciso.

A nivel curricular detéctase unha importante falta de formación do alumnado de FPB, nas habilidades sociais básicas e tamén problemas na comunicación e resolución de conflitos.

### 4.4 Participación e relacións da comunidade educativa

#### 4.4.1 Alumnado

A participación do alumnado na vida do centro é alta, especialmente cando se desenvolven actividades complementarias a formación (ACF) e incluso se estas se desenvolven fóra do horario escolar. Tanto o alumnado de CF coma de FPB, mostra unha boa resposta as actividades organizadas. O que si hai que salientar é que o alumnado de CF en réxime de adultos modular, non participa apenas nas actividades que se desenvolven fóra do seu horario lectivo. Isto débese sobre todo a motivos laborais.

O alumnado participa activamente no desenvolvemento de actividades complementarias, nas de emprendemento e de transversalidade, e tamén se inscriben a concursos de presentación de proxectos innovadores e a programas europeos, xa que o centro posúe a Carta Erasmus+.

Ademais estanse a desenvolver actividades que implican o traballo conxunto de varios departamentos e familias profesionais.

En cada grupo existe un delegado ou unha delegada nomeado/a pola clase, pero non existe xunta de delegados/as xa que este órgano non está contemplado no ROC dos CIFP.

É importante deixar claras as canles de comunicación do alumnado do centro, nesta, ou calquera outra materia do seu interese, de aí que se faga unha importante labor de concienciación para que o alumnado faga uso do buzón de Suxestións, Queixas, Reclamacións e Felicitacións.

#### 4.4.2 Profesorado

Grande interese e participación do profesorado en toda a vida do centro. Nos temas relativos á convivencia, esta non se percibe como un problema no centro.

#### 4.4.3 Pais e nais dos menores de idade

A súa participación é clave, principalmente nos ciclos formativos de grao básico, na continuidade das medidas propostas polo centro relacionadas coa mellora da conduta dos seus fillos e/ou das súas fillas. En ocasións puntuais resulta complicado que asuman as condutas inadecuadas dos seus fillos e/ou fillas, chegando en algúns casos a intentar xustificalas.

Facilítase a comunicación coas familias por diversas canles: telefónica, correo, etc., e tamén se levan a cabo reunións de presentación/acollida para pais/nais do CFG Básico, reunións que teñen unha alta participación, e que se están a demostrar como un medio eficaz para mellorar os resultados e corrixir condutas.

#### 4.4.4 Persoal auxiliar de servizos (PAS)

Non se observan problemas neste colectivo da comunidade educativa, que teñan a relevancia suficiente como para ser incorporados a este documento. Si é de destacar o magnífico traballo que realizan poñendo de manifesto unha alta profesionalidade.

#### 4.4.5 Conflitividade

A análise da convivencia faise principalmente a través da observación directa, da información aportada polos órganos de coordinación docente, especialmente as persoas titoras, da análise dos partes de conduta e da revisión dos expedientes do curso anterior.

A práctica totalidade dos problemas de conflitividade están ligados ás ensinanzas de FPB, ensinanzas nas que, en máis ocasións das que sería desexable, hai que adoptar algún tipo de medida disciplinaria.

### Reflexións en relación a conflitividade detectada

En primeiro lugar, destacar que os problemas observados redúcense, como xa comentamos aos ciclos formativos de grao básico, especialmente ao primeiro curso. No segundo curso esta conflitividade redúcese de forma importante, a experiencia dinos que os principais motivos desta diminución son:

- Que o alumnado que non tiña interese neste tipo de ensinanza e que probablemente chegaron á mesma por unha falta de información, ao acadar a idade de 16 anos, decidiu deixar este tipo de estudos.
- A madurez persoal que foron acadando, xunto co sistema organizativo do centro, reconduciron aqueles hábitos e/ou condutas inadecuadas que arrastraban da etapa educativa anterior.

O profesorado do centro considera que os problemas de disciplina no centro son pouco frecuentes, e cando se producen, só unha porcentaxe moi baixa posúe un carácter que poida ser considerado como preocupante ou grave.

Queda ben delimitado o perfil de alumnos/as que amosan conflitividade, concretamente nas ensinanzas de CFG Básico, xa que no resto das ensinanzas impartidas no centro, os problemas de conduta son mínimos ou inexistentes e os poucos casos que se producen son entre o alumnado de primeiros cursos de ciclos medios, nos ciclos superiores e nos de oferta nocturna non se detecta ningún caso.

Da análise dos partes de incidencias entregados polo profesorado, considérase que as seguintes situacións son as máis frecuentes no centro:

1. Falar cos compañeiros e/ou coas compañeiras durante as explicacións do/da profesor/a.
2. Distraccións na clase mentres se explica ou traballa (debuxando, ou xogando)
3. Uso inadecuado do móbil na aula.
4. Non cumprir as tarefas encomendadas.
5. Retrasos antes de comezar a tarefa.
6. Accidentes no recinto escolar.
7. Agresións verbais (insultos) ou físicas (de carácter leve) entre o alumnado.
8. Agresións verbais ao profesorado e desafíos a súa autoridade.
9. Agresións ao mobiliario do centro (portas, mesas, pechaduras, taquillas, etc.)
10. Facer caso omiso das indicacións do profesorado.
11. Saír do recinto escolar durante o horario lectivo (menores de idade).
12. Produción de danos materiais.
13. Faltas de respecto ao profesorado.
14. Faltas recorrentes de puntualidade, sobre todo a primeira hora da mañá.
15. Absentismo escolar.
16. Consumo de drogas brandas fóra do recinto escolar, pero dentro do horario lectivo (durante os recreos).

Da análise dos partes tamén se extrae que:

- Os conflitos que se producen con maior frecuencia son, nesta orde: os que xorden entre o alumnado e logo entre o alumnado e profesorado, sobre todo por interrupcións, negacións a obedecer as instrucións do profesorado durante as clases.
- Respecto ao lugar onde ocorren a maior parte dos conflitos entre o alumnado: na súa maioría teñen lugar nas aulas, unha menor porcentaxe nos corredores do centro e algún deles fóra do recinto escolar. Pero seguimos insistindo que os problemas detectados neste centro, son na súa maioría por desafío ou mala actitude durante as clases ou cara ao profesorado, os que implican a varios/as alumnos/as e agresións entre iguais teñen unha moi baixa frecuencia.

En canto a resolución dos conflitos:

As medidas adoptadas polo profesorado con maior frecuencia son:

1. Falando co alumnado fóra da aula.

2. Pedindo colaboración na clase.
3. Chamándolle a atención, pero sen sancionalo.
4. Cambiando o alumno e/ou a alumna de sitio na aula.
5. Cubrindo un parte de incidencia e enviándoo a xefatura de estudos.
6. Pedirle que acuda a orientación.
7. Pedíndolle que vaia a xefatura de estudos a informar do acontecido (coa fin de reconducir a situación, ata que se relaxe e pense na conduta negativa que estaba a facer).

Como xa mencionamos, todas estas condutas e/ou situacións redúcense, case que exclusivamente, aos cursos de FP básica.

#### 4.4.6 Efectividade das actuacións desenvoltas

<b>FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DA CONVIVENCIA NOS CENTROS DOCENTES (ARTIGO 3 DA LEI 4/2011)</b>	<b>OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA (ARTIGO 12 DO DECRETO 8/2015)</b>
a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.	b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado. g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.	c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.
c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.	e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

<p>d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.</p>	<p>a) Facilitarles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.</p>
<p>e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.</p>	<p>h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.</p>
<p>f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.</p>	<p>c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe. f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.</p>
<p>h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.</p>	<p>b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado. g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e e para a autonomía e iniciativa persoal.</p>

É crucial a elección do/da titor/a máis axeitado/a, cun perfil concreto e con habilidades para tratar a este alumnado.

## 5 Obxectivos xerais i específicos e actuacións programadas para o seu desenvolvemento

### 5.1 Fins e Principios e Obxetivos Xerais

OBXECTIVO	ACTUACIÓN	RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN	ADORES LOGRO/ EVIDENCIAS
Sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia e na responsabilidade de cada un, na creación dun clima de convivencia axeitado.	- Divulgar entre o Claustro e PAS e o alumnado o Plan de Convivencia e NOF e protocolos de convivencia da Consellería e a existencia da Coordinación de Benestar e Convivencia (CBC).	- Equipo directivo, alumnado, PAS e profesorado  Páxinaweb	1,º Trimestre	-Acta do Claustro e da Comisión de Convivencia constituída.  - Presentación a todos os grupos
Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.	- Divulgar entre o Claustro e PAS e o alumnado o Plan de Convivencia e NOF e protocolos de convivencia da Consellería e a existencia da Coordinación de Benestar e Convivencia (CBC).	- Equipo directivo, alumnado, PAS e profesorado  Páxinaweb	1,º Trimestre	-Acta do Claustro e da Comisión de Convivencia constituída.  - Presentación a todos os grupos

### 5.2 Obxectivos específicos

Os obxectivos xerais de actuación son os regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015, que podemos resumir en:

- Proporcionar aos órganos de goberno/profesorado: instrumentos/recursos para prever a violencia, facilitar a prevención/detección/tratamento dos conflitos (impulsando no seu tratamento a mediación) e de calquera manifestación de violencia (especialmente, acoso escolar, violencia xénero, xenofobia e racismo)
- Favorecer a adquisición de competencias básicas sociais que permitan mellorar a aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade.
- Concienciar/sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha convivencia pacífica.

- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa na convivencia e establecer/incrementar as relacións coas entidades do entorno para a mellora de convivencia.

Da análise do clima de convivencia realizado no anterior apartado e, tendo como referencias estes obxectivos xerais, podemos fixar os obxectivos específicos do noso centro, que centraremos en tratar as principais deficiencias detectadas ao facer a diagnose do clima.

Cremos que, en principio, debemos centrarnos en catro liñas básicas: sensibilizar, formar, proporcionar instrumentos e materiais e garantir a participación.

Así os nosos obxectivos específicos son:

1. Sensibilizar a toda a comunidade educativa na importancia e na responsabilidade de cada persoa, na creación dun clima de convivencia axeitado.
2. Proporcionar ou facilitar o acceso a formación dos membros da comunidade educativa, na adquisición da habilidades básicas de comportamento baseadas en previr o conflito, controlalo cando se produza.
3. Dotar de instrumentos para facilitar a comunicación de calquera conflito ou situación de violencia, e elaborar materiais para traballar a adquisición das habilidades sociais básicas e elaborar protocolos para facilitar o labor do profesorado neste tema.
4. Introducir de forma efectiva a coeducación no centro, como medida específica de mellora da convivencia.
5. Favorecer o benestar emocional mediante a promoción dunha autoimaxe positiva, dunha boa capacidade positiva, dunha boa capacidade de resolución de problemas, e de condutas adecuadas para a procura de axuda e apoio social.
6. Coordinar, dacordo cos protocolos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais e/o sanitarios competentes.
7. Diseñar unha formación específica ao alumnado para crear redes de supervisión e apoio entre iguais que poidan acompañar e axudar aos compañeiros e compañeiras en situación de risco.

## 5.3 Actuacións, medidas ou programas

### 5.3.1 Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación

#### Organizativas

- Oferta de actividades formativas para o profesorado (cursos de formación interna)
- Disponibilidade horaria para as actuacións de convivencia no caso do profesorado do CFG Básico.
- Elaboración dun calendario máis preciso para as ACF, evitando solapamentos e informando da temporalización prevista, para tratar de previr a saturación en meses concretos.

- Coordinación dos equipos docentes para acadar unha coherencia na aplicación das normas de convivencia, a través da elaboración do protocolos para facilitar e guialos na súa forma de actuación.

## Curriculares

Implicación dos titores e das titoras no tratamento da convivencia nas titorías.

Este tema ten grande importancia na FPB na que as titorías son presenciais e dispoñen de 1 hora a semana. Debe facerse fincapé no traballo sobre convivencia, desenvolvemento de habilidades sociais e educación en valores. Facilitaráselle ás persoas responsables da titoría o asesoramento necesario, dende o Dpto. de Información Orientación Profesional, para axudalas nesta tarefa.

Fomentar a implicación dos/das titores/as nas actividades que se desenvolvan no centro en relación a convivencia e tolerancia entre iguais (ex: xornadas de convivencia con persoas con diversidade funcional, traballo da temática de violencia de xénero, etc.).

### 5.3.2 Actuacións para garantir a participación

#### Alumnado

Publicidade do Plan na páxina web do centro, de forma que o alumnado o coñeza e poida presentar suxestións sobre o mesmo, ben directamente, ou ben a través de Suxestións Queixas Reclamacións e Felicitacións, do sistema de calidade. No caso dun grupo determinado, o/a delegado/a de curso sería a persoa a través da que canalizar as suxestións e cambios propostas polo grupo para que as traslade á dirección.

Actividades que promovan a relación entre alumnado dos diferentes ciclos: Actividades do plan de transversalidade, conmemoracións do curso escolar, entroido, celebración do día Internacional contra a violencia de xénero, actividades de emprendemento, Día das Letras Galegas, etc.

### 5.3.3 Actuacións formativas en convivencia

O Centro propondrá actividades formativas relacionadas coa convivencia

### 5.3.4 Actuacións de divulgación

Algunhas das actuacións a desenvolver serán:

- Elaboración de presentacións para expoñer nas pantallas do centro sobre conflitos, acoso, etc.
- Campañas de divulgación e coñecemento do plan de convivencia entre todos os membros da comunidade escolar.
- Seguir colaborando con organismos ou asociacións externas ao centro para traballar a colaboración entre iguais, e a non discriminación.
- Realización de xornadas específicas para tratar o acoso escolar, a violencia sexista, etc., en colaboración con organismos especialistas nestes temas.

- Participación no Plan Director para a mellora da convivencia nos centros escolares.

### 5.3.5 Elaboración de materiais de traballo e protocolos de actuación

As principais actuacións neste punto serán:

- Mellora constante no protocolo de acollimento, tanto do alumnado como do profesorado.
- Informar ao alumnado a principio de curso das normas de clase e máis concretamente das normas de convivencia na aula, coa fin de implicalos no cumprimento das mesmas.
- Informar sobre materiais e protocolos de actuación na xestión do conflitos coa fin de mellorar a adquisición de habilidades básicas para manexar as distintas situacións que poidan xurdir.

## 5.4 Medidas ou programas

Onde máis debemos incidir é na adopción de medidas de carácter preventivo. Das anteriores podemos destacar as seguintes:

- Dar a maior publicidade posible, aos dereitos, deberes e normas de convivencia coa fin de garantir o seu coñecemento. Xa se fai fincapé na xornada de acollida e se lles lembra que poden revisalas a fondo na guía do alumnado e na páxina web do centro.
- Definir normas claras de aula, informando sobre as consecuencias do incumprimento de ditas normas.
- Revisar e actualizar periodicamente o Plan de Convivencia.
- Realizar a nivel de centro actividades de igualdade, contra violencia, acoso, etc.
- Traballar na titoría actividades que traten valores curriculares como tolerancia, respecto mutuo, diálogo, etc.
- Implicar ao alumnado e dar fluidez ás canles de información entre alumnado, titores/as, equipos docentes, etc.
- Programas de formación do profesorado que oferten formación interna nesta materia.
- Difusión entre a comunidade educativa dos protocolos de actuación publicados pola Consellería:
  - Información, por parte de cada docente, das normas de convivencia de aula.
  - Información ás familias do alumnado dos ciclos formativos de grao básico, ao inicio de cada curso, dos protocolos existentes para a comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado menor de idade.
  - Difusión do protocolo xeral de acoso e ciberacoso escolar.
  - Difusión do protocolo de urxencias sanitarias e enfermidades crónicas.
  - Difusión do procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.

## 6 Protocolo ante o acoso e ciberacoso escolar

---

Seguirase o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establecido pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

## 7 Normas de convivencia

---

As normas específicas do centro aparecen recollidas nas NOF e no Plan de Convivencia.

## 8 Difusión do plan

---

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa, para acadar tal obxectivo realizaranse as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina web do centro.

### Alumnado

- Terase unha atención especial, na xornada de acollemento para dar a coñecer o plan de convivencia.

### Profesorado

- Informarase no primeiro claustro do curso sobre o plan de convivencia e a súa importancia.

## 9 Seguimento, avaliación e propostas de mellora

---

### 9.1 Seguimento e avaliación

O equipo directivo dos centros docentes garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unhas directrices anuais ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e que deberán ser incorporadas a este.

Conforme a normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta, como mínimo dunha terceira parte dos seus membros.

Nestas reunións valorará o grao de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

## 9.2 Propostas de mellora

A memoria recollerá toda as propostas de mellora para levar a cabo no curso seguinte, e tamén como se desenvolverán.

O plan é un documento vivo e que precisa estar en constante actualización, en función das problemáticas detectadas e das necesidades que aparecen. Ademais hai que ter en conta as propostas de mellora que poden presentar os distintos colectivos, debe analizarse a súa viabilidade e tentar introducir aquelas propostas/ideas máis necesarias para o clima do centro.

O obxectivo é reducir de xeito significativo a conflictividade e condutas negativas detectadas, especialmente nos ciclos formativos de grao básico, que inciden de xeito moi negativo no clima do grupo e no seu rendemento, e ten unha relación directa co fracaso nos estudos e no posterior abandono dos mesmos.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025